

Normativa de acceso á Delegación de Alumnos/as da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (probada na Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Educación o día 6 de Xuño de 2006):

1. A Delegación *como ente* é a unión da representación dos estudantes, elegidos estes representantes de entre os membros da comunidade universitaria. A Delegación *como espacio físico* é un recinto no que o estudiantado ten dereito a informarse dos asuntos que ponderan ser do seu interese. Na medida do posible os alumnos/as disfrutarán do local de delegación e do material de oficina e equipamentos informáticos. Isto será sempre cun delegado presente como responsable da mesma.
 - 1.1. Na conserxería do Centro facilitarase un rexistro para inscribir con nome, DNI, sinatura e horario de entrada e saída (previa entrega da chave de delegación) aos delegados/as que en ese momento se responsabilicen don local.
 - 1.2. Cualquier ``incidente´´ que ocurriera na Delegación será responsabilidade do delegado que nese momento este supervisando a mesma, quedando rexistrado na conxersería según o punto 1.1
2. Dereito a participación nos órganos de goberno: tódolos estudantes da Universidade de Vigo teñen dereito a participar nos órganos de goberno da universidade, dos centros e departamentos, mediante a elección dos seus representantes. Para estes efectos, serán electores/as flexibles tódolos que reúnan os requisitos do artigo 2.1 do Regulamento de Estudantes.
3. Representantes dos estudantes: son representantes da Delegación de Alumnos/as os estudantes que elegidos a través dos distintos procesos electorais, forman parte dos órganos colegiados de goberno da Universidade: Consello Social, Claustro, Xunta de Goberno, Xunta de Centro, Consello de Departamento, Consello de Campus e as súas comisións e pertencentes a Facultade de Ciecias da Educación.
4. Funcións dos representantes: os representantes canalizarán as propostas, queixas e reclamacións que realicen os estudantes diante dos órganos da Universidade, sen prexuízo do dereito de calquera estudante a formulalas directamente. Entre os fins da Delegación de Alumnos/as de CC. Da Educación:

- Actuar como órganos de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información axeitada sobre a vida universitaria.
- Xestionar os seus recursos.
- Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
- Elección dos seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

5. Os representantes dos estudantes teñen dereito a:

- Exercer libremente a súa representación (expresarse libremente sen máis limitación que as derivadas das normas legais e o respecto ás persoas e as institucións).
- Recibir información exacta e puntual sobre as materias que afecten ós estudantes, agás aquelas amparadas por deber de confidencialidade.
- Participar no proceso de toma de decisións.
- Que os seus labores académicos se axeiten, na medida do posible e sen menoscabo da súa formación, ás súas actividades representativas. Para tal efecto estableceranse os procedementos que se consideren convenientes.

6. Son deberes específicos dos representantes:

- Asumir as responsabilidades derivadas do seu cargo representativo.
- Facer un uso axeitado da información recibida por razón do cargo, respectando a confidencialidade cando tivese este carácter.
- Protexer, fomentar e defender os bens e dereitos da Universidade de Vigo.
- Informar ós seus representados/as das actividades e resolucións dos órganos colegiados e das súas actuacións.

7. Normativa de acceso á delegación de alumnos/as da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense:

- Delegación de alumnos/as é un espacio de información e apoio do estudante, así como un espacio de traballo e uso académico do material e as instalacións.
- Manter en bo estado o material e as instalacións.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DE OURENSE

- O cumprimento da normativa é responsabilidade dos delegados.
8. A Delegación de Estudiantes é un *espacio* democrático e libre, na que queda terminantemente prohibido calquera plataforma o siglación política, posto que para elo xa se teñen habilitado os espacios pertinentes.
9. A estrutura interna da delegación de alumnos/as da Facultade de Ciencias da Ecuación componse por:
- Dous secretarios/as que teñen como función recoller actas en cada reunión e a publicación das mesmas, así como tamén responsable do labor administrativo.
 - Dous tesoreros/as que serán os responsables dos asuntos económicos.
 - Cinco vocales que serán os portavoces oficiais da delegación.
10. Elección dos membros da estrutura interna da delegación de alumnos/as da Facultade de Ciencias da Ecuación: serán elegidos entre os memebros da delegación de alumnos/as da Facultade de Ciencias da Educación.
11. La normativa será aprobada en primeira convocatoria por la mayoría simple dos delegados. En segunda convocatoria por mayoría simple dos delegados asistentes. En última instancia irá asinada polo decano/a da Facultade de Ciencias da Educación.
12. Derogación Normativa: a normativa revisarase e no seu caso modificarase, cada ano. No período do ano se se desexa modifica-la normativa deberán cumplimentarse as seguintes condicións:
- Un/unha delegado/a se desexa derogala deberá solicitar ó secretario/a que se inclúa como punto do día na seguinte reunión.
 - Na devandita reunión se exporá as súas razóns. Someterase a votación e aprobarase por mairía simple dos delegados asistentes Se se aproba a derogación o novo borrados da normativa seguirás os pasos descritos no artigo 11 desta normativa.

